



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES MARCO DO CAMBALLÓN

Rúa O Camballón, 24
36590 VILA DE CRUCES (Pontevedra)
☎ 986582251 📠 FAX 986582530
email: ies.marco.camballon@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesmarcocamballon>

ADDENDA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021-2022

MÚSICA 2º ESO

I.E.S. “MARCO DO CAMBALLÓN”

VILA DE CRUCES

Índice de contido

- Criterios de avaliación e cualificación do alumnado
- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, programa de reforzo e recuperación
 - A-Recuperación ao longo do curso
 - B-Plan de reforzo para materias pendentes de superación
 - C-Probas de Ampliación, Reforzo e Recuperación despois da 3ª Avaliación

A) Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

Estes criterios estarán enfocados a avaliar os coñecementos e os contidos asimilados polo alumnado ao longo do curso, ademais da actitude e do traballo diario. A nota da avaliación trimestral será o resultado da correcta asimilación destes contidos, das capacidades e competencias básicas acadadas polo alumno, así como o esforzo realizado na súa procura. Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe recorrerase ás probas escritas, probas obxectivas, terase presente o diario de clase coas anotacións do profesor sobre os progresos, traballo e resultados do alumnado, ademais da observación directa diario dos esforzos e das actividades musicais que se fagan na aula durante o trimestre. Para facer isto de xeito adecuado as primeiras sesións adicaranse a coñecer o nivel medio da clase, para desta maneira partirmos dun nivel adecuado ao grupo.

Así, o criterio de cualificación será a suma ponderada das medias dos resultados do alumnado nos diferentes instrumentos de avaliación empregados para avaliar os estándares de aprendizaxe: 40% Expresión musical, 60% Media ponderada dos instrumentos de avaliación empregados para os EA concretos durante cada un dos trimestres (aquel estándar que supere en ponderación aos demais será motivado polo tempo adicado na aula e a importancia que se lle outorgara).

60% Media dos instrumentos de avaliación empregados para os EA concretos :

Faremos as probas escritas oportunas para avaliar os estándares de aprendizaxe da maneira máis obxectiva posible. Do mesmo modo, observaremos o traballo diario do alumnado que será obxecto de avaliación continua, a súa actitude, ao mesmo tempo que se propoñerán exercicios, actividades, traballos realizados polo alumno a proposta do profesor para avaliar os distintos estándares de aprendizaxe. ([Ver apartado IV última columna](#))

40 % Expresión Musical: ver estándares de aprendizaxe MUB1.6.1 e MU B1.6.2:

Para cualificar a Expresión musical (vocal -10%- e instrumental -30%-) iremos avaliando as participacións e interpretacións do alumnado ao longo da avaliación.

Nota importante: debido as restricións derivadas do protocolo anticovid, e dado que na Aula non se poden establecer os 3 metros de marxe para a interpretación instrumental de vento (fruta), a avaliación desta parte será a través dos vídeos que o alumnado terá que ir entregando coas súas interpretacións das pezas sinaladas. Esa entrega farase vía Aula virtual ou vía Classroom segundo se

vaia indicando ao longo dos trimestres. O alumnado será oportunamente instruído sobre como facelo e se farán simulacións de entregas de interpretacións.

Ao final de cada trimestre o alumnado será avaliado das pezas ensaiadas e practicadas durante a avaliación, e será cualificado segundo a rúbrica seguinte:

EXPRESIÓN MUSICAL (40%=30%+10%)						
Indicador	Entre 0 e 1	Entre 1 e 2	Entre 2 e 3	Entre 3 e 4	Entre 4 e 5	Peso
Expresión instrumental	Non é quen de interpretar as pezas propostas e ensaiadas na aula. Non entrega a peza proposta	Interpreta algunha das pezas propostas pero faino con pouco sentido musical. Outras pezas non é quen de executalas	Interpreta todas as pezas propostas aínda que comete erros melódicos, rítmicos e de musicalidade que poder ser tan abundantes e básicos como para desvirtuar a peza	Interpreta todas as pezas e aínda que comete erros puntuais faino con sentido musical, con bo criterio rítmico e melódico	Interpreta as pezas ensaiadas sen erros destacables e faino aportando musicalidade e expresión moi persoal e gusto artístico.	30% s/total
Expresión vocal (Canto coral-individual)	Non é quen de interpretar as pezas propostas e ensaiadas na aula. Non entrega a peza proposta	Interpreta algunha das pezas propostas pero faino con moitas dificultades de entoación musical. Outras pezas non é quen de executalas	Interpreta todas as pezas propostas aínda que comete erros de entoación, melódicos, rítmicos e de musicalidade que poden ser tan abundantes e básicos como para desvirtuar a peza	Interpreta todas as pezas e aínda que comete erros puntuais de entoación, melódicos, rítmicos e/ou de expresión musical, pero faino con sentido musical, sen perder o sentido rítmico e melódico a peza	Interpreta as pezas ensaiadas sen erros destacables e faino aportando musicalidade e expresión moi persoal e gusto artístico.	10% s/total


Neste apartado poderá obter un máximo de 10, que ponderará ao 40%.

Para acadar o aprobado (4,5) facendo media entre as partes, o alumno-a nunca poderá obter en máis dunha delas unha nota inferior a 3.5. Dado o caso dun alumno que obteña de media unha nota


igual ou superior ao 4,5 pero con dúas ou máis partes valoradas por debaixo do 3.5, ese alumno-a sempre acadará un 4 como nota da avaliación correspondente. Neste caso ese alumno-a só tería que recuperar a parte-s que teña valorada-s por debaixo do 3.5 **Nota importante:** o alumnado que teña unha parte da avaliación ou estándar de aprendizaxe valorado cun 0 queda sempre cun 4 como nota máxima na avaliación. A nota que levará no boletín será redondeada co seguinte criterio:

1 cando obteña menos de 1,5	6 cando obteña entre 5,5 e 6,5
2 cando obteña entre 1,5 e 2,5	7 cando obteña entre 6,5 e 7,5
3 cando obteña entre 2,5 e 3,5	8 cando obteña entre 7,5 e 8,5
4 cando obteña entre 3,5 e 4,5	9 cando obteña entre 8,5 e 9,5
5 cando obteña entre 4,5 e 5,5	10 cando obteña entre 9,5 e 10

Resumindo:



A **Nota da Avaliación Final** acadada por cada un dos alumnos será a obtida ao facer a seguinte media: 1º Trimestre= 33 %, 2º Trimestre= 33%, 3º Trimestre= 34%. A este respecto as notas de cada trimestre non serán as redondeadas que aparecen no boletín trimestral do alumno, senón as que obran no caderno de notas do profesor redondeadas a dous decimais.



Nota importante: A nota media final ponderada será igual ou distinta do que acade en cada unha das avaliacións, é dicir, non polo feito de aprobar a 3ª Avaliación ten que aprobar a Final, e viceversa, isto é, polo feito de suspender a 3ª non ten por que suspender a Final.

O alumnado que empregue métodos fraudulentos nos exames (copiar por compañeiros, utilizar calquera método tecnolóxico ou artesanal de copia...) e sexa sorprendido no intento se lle anularán as preguntas obxecto de intento de copia. O resto das preguntas do exame se corruxirán normalmente. De intentar unha copia masiva das preguntas ou se non se pode adiviñar cales se intentaban copiar, ao alumno-a invitaráselle a que faga un novo exame. Por outra parte, se é posible comprobar que o alumno-a copiou sen ser sorprendido-a no momento, pero tendo probas suficientes para demostrarse, procederáse a anular a pregunta que se considere “copiada”. Isto aplicarase tanto nos probas específicas de avaliación, como nas probas e nos traballos individuais.

Por outra parte seguiremos aplicando o criterio común acordado polo claustro de descontar a partir da quinta falta ortográfica nas distintas probas e traballos presentados. Así, a partir da 5ª descontaremos 0.05 por cada dúas faltas propias e 0.05 por cada falta copiada.

B) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas. programa de reforzo e recuperación

A-Recuperación ao longo do curso:

- Como se recupera unha proba non superada? O alumno-a que non consiga un mínimo (4.5) nunha das probas onde se avalíe algún dos estándares terá a posibilidade de volver a avaliarse deses contidos non superados na seguinte proba que se leve a cabo. Nesa proba ese alumnado terá unhas preguntas extras para avaliar de novo os estándares nos que non acadara o mínimo. É dicir, aproveitarase a seguinte proba escrita que se realice sobre o último estándar traballado para volver a avaliar o estándar non superado. Cando sexa necesario levarase a cabo unha proba específica de recuperación sobre a parte da avaliación non superada.
- Como se recupera unha avaliación non superada? O alumnado que non sexa quen de acadar o aprobado en cada unha das avaliacións, terá a opción de repasar os contidos que non fora quen de assimilar. Deste xeito, o alumno, co apoio deses repasos (entregando as tarefas propostas, acudindo ás sesións extraordinarias que o profesor poida propoñer nos recreos...), poderá facer unha proba de recuperación da avaliación que teña suspenso. O alumno que se presente a esa recuperación da avaliación quedará, a efectos da nota final do curso, coa nova nota que consiga acadar, que nunca será inferior á da obtida no trimestre ordinario. Ulteriormente, nas

dúas últimas semanas de curso antes da avaliación final, o alumnado poderá intentar subir a nota acadada nas partes da avaliación nas que considere que pode mellorar a súa cualificación.

B- Plan de reforzo para materias pendentes de superación

O alumnado que teña a materia de Música pendente de cursos anteriores será avaliado en base aos traballos semanais que se lle vaian propoñendo e pola realización dunha proba escrita no mes de maio (**este departamento non fai unha proba parcial no mes de xaneiro**). A avaliación terá en conta os seguintes instrumentos e criterios de avaliación especificados máis adiante. A base legislativa atopámola nas seguintes ordes:

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, de avaliación na primaria, ESO e bacharelato, establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Para dar cumprimento á Orde no relativo a ese Plan de reforzo, o centro, dentro da liña 01 QUÉDA-T, dos contratos-programa INCLÚE, vén desenvolvendo nos últimos anos un proxecto denominado “Plan de atención a pendentes”, cuxos obxectivos son os seguintes:

1. Reducir os niveis de fracaso e abandono escolar prematuro provocados pola acumulación de materias pendentes.
2. Atender de xeito máis individualizado e adecuado o alumnado con materias pendentes, tratando de activar a súa motivación e o seu nivel de responsabilidade no propio proceso de aprendizaxe, ademais de axudalos a superar as súas dificultades para aprender, incidindo especialmente na adquisición de competencias básicas.
3. Impulsar o emprego de adaptacións, innovacións e recursos metodolóxicos que se axusten ás necesidades educativas deste alumnado en risco de abandono.

4. Impulsar o uso das plataformas de ensino virtual e o correo corporativo de centro entre o alumnado do plan, non só co obxectivo xeral de centro de promoción das novas tecnoloxías e da alfabetización dixital, senón tamén como medida para encarar baixas de alumnado, peche de aulas ou incluso de centro que poida carrexar a situación de pandemia que condiciona este curso.
5. Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe e integración dos seus fillos e fillas no sistema educativo.

Durante o proceso de implantación deste Plan de atención a pendentes, a comisión de coordinación pedagóxica do centro aprobou os seguintes instrumentos e criterios de avaliación de pendentes, comúns a todos os departamentos didácticos:

INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PENDENTES

a) Instrumentos de avaliación

Tarefas semanais

- a) A xestión da entrega, recollida, corrección e avaliación das tarefas farase a través de Classroom:

Os departamentos implicados entregarán as tarefas á coordinadora antes da data marcada no calendario.

A coordinadora subirá as tarefas a Classroom e encargarse de que os alumnos accedan a elas.

Os departamentos accederán a Classroom a partir da data límite de devolución das tarefas para corrixilas e avalialas dentro do prazo sinalado no calendario.

A partir desta data, o alumnado accederá á aula virtual para coñecer a corrección e avaliación da súa tarefa.

- b) O total de **entregas previstas para todo o curso é de 12**, seguindo o calendario fixado.
- c) Déixanse libres as semanas de exames das avaliacións ordinarias e mais as de exames específicos de pendentes de xaneiro.
- d) Para facilitar a coordinación e o seguimento do alumnado, as xefaturas de departamento recibirán un calendario de entregas.
- e) Correccións: o profesorado corrixirá as tarefas na plataforma Classroom antes das datas fixadas no calendario.

Exame/s

- a) Cada departamento indicará claramente se vai realizar dous exames (**xaneiro e abril**) ou só o oficial (obrigatorio) de abril.

b) Os departamentos deberán:

1. Explicar con claridade os contidos de cada exame (en consonancia coas tarefas que se vaian realizando).
2. Establecer con claridade como computa cada exame na cualificación final.

Comprobar que o **alumnado entregou como mínimo 4 tarefas das 6 propostas antes de cada un dos exames ou 8 de 12 no caso dos departamentos que só fagan un exame**. Se non cumpriu con este requisito mínimo, perdería o dereito a esta proba.

c) **Cando un alumno/a acade unha nota menor que 5 na cualificación global do plan de reforzo, terá dereito a realizar unha proba final na que se examinará de toda a materia**. Neste caso, o exame da **materia de Música** versará sobre os contidos traballados nas tarefas entregadas ao longo do curso tendo dúas partes avaliáveis e ponderadas do seguinte xeito:

- Preguntas baseadas nas tarefas entregadas durante o curso (60%)
- Interpretación de dúas pezas, a escoller polo alumno-a, das propostas durante o curso nas tarefas do Plan. (40%= 20%+20%)

Nota importante: para aprobar con esta proba final o alumno-a non pode obter en ningunha das dúas partes unha nota inferior a 3.25

d) En calquera caso, os exames axustaranse sempre aos contidos mínimos establecidos nas respectivas programacións.

B) Criterios de cualificación do plan de reforzo:

Tarefas: **50% da cualificación global.**

Exame/s parciais: **50% da cualificación global.** Cada un dos departamentos que realice dous exames debe especificar o seu sistema de cómputo dentro deste 50%.

Nota mínima do exame necesaria para poder facer media coa nota das tarefas:3.25.

c) Criterios de cualificación da proba final:

Para o alumnado que **presente un mínimo de oito tarefas** das 12 propostas, **os criterios de cualificación serán os mesmos** que rexen para os exames parciais.

Para o alumnado que **NON** presente un mínimo de oito tarefas das 12 propostas, **a nota do exame será o 100% da cualificación global.**

d) Cualificación na avaliación final:

A nota na avaliación final será a máis alta de entre estas dúas:

1. A cualificación global do plan de reforzo
2. A cualificación da proba final.

Todas as actividades propostas serán corrixidas e entregadas ao alumno, servíndolle de orientación cara os exames.

Os contidos mínimos que se lle esixirán aos alumnos con materias pendentes serán os mesmos que se lle esixiron no curso en que non conseguiu superar a materia.

A súa vez contará positivamente o interese amosado polo alumno ao longo do curso (consultas ao profesor, solicitude de material bibliográfico, uso da biblioteca como medio de consulta e de información musical...).

C-Probos de Ampliación, Reforzo e Recuperación despois da 3ª Avaliación:

Novidade curso 2021-2022: Avaliación Final en xuño. Eliminación de probas extraordinarias de setembro.

Neste curso quedan suprimidas as probas extraordinarias que se viñan celebrando no referido mes de setembro.

O alumnado que non acade na Avaliación ordinaria Final a media de 4'5 terá a posibilidade de presentarse ás probas que se acorden para mellorar a súa cualificación nos apartados, contidos, estándares, probas... non superados ou nos que obtivese unha cualificación insatisfactoria. Esas probas terán lugar ao longo das últimas dúas semanas de curso.

A Avaliación 3ª celebrarase na primeira semana de xuño, e os días que medien ata esas probas de ampliación e recuperación, adicaranse a ampliar, reforzar, repasar... os contidos traballados ao longo dos tres trimestres non superados por cada un dos alumnos-as, ou (no caso do alumnado que xa teña aprobada a materia na Avaliación Final) nos que o alumno-a desexe mellorar a súa cualificación. Os contidos e estándares desa proba serán os traballados e avaliados ao longo do curso, e o alumno-a avaliado-a novamente nunca obterá como resultado deste proceso de reforzo unha nota inferior á acadada no seu momento.

Daquela, trala 3ª Avaliación teremos dous posibles casos:

1. **O alumnado que tras facer a media das tres avaliaci3ns, seguindo a f3rmula matem3tica indicada no apartado G de Avaliaci3n e Cualificaci3n, non consegue acadar o 5.** Ter3 a posibilidade de facer as probas que se prop3ñan para recuperar as partes que lle poidan facilitar acadar o aprobado. Tras esas probas volverase a calcular a media Final, non podendo nunca afectarlle de maneira negativa, 3 dicir, non poder3 empeorar as s3as cualificaci3ns a pesar de que nesas probas obteña notas peores cas que pretend3a mellorar.
2. **O alumnado que teña xa aprobada a Avaliaci3n Final trala 3ª Avaliaci3n,** poder3 optar a reforzar os contidos nos que considere que non acadou no seu momento unha cualificaci3n de todo satisfactoria. Ao igual co resto do alumnado que faga as probas de reforzo e recuperaci3n ser3 novamente avaliado cos mesmos instrumentos (probas escritas, traballos, probas orais, probas pr3cticas, interpretaci3ns en directo ou gravadas, etc). Igualmente este alumnado non sair3 prexudicado nunca na nova nota que acade, 3 dicir, s3 poder3 obter unha nota igual ou superior 3 obtida con anterioridade.

Coas novas notas e cualificaci3ns obtidas neste proceso procederase a recalcular as medias de cada avaliaci3n afectada. Neste proceso seguiranse a ter en conta os criterios de cualificaci3n de cada unha das avaliaci3ns que est3n especificados con anterioridade (non acadar 0 nalgunha das partes, non ter m3is dunha parte por debaixo do 3.5, etc). Consecuentemente refaranse as medias de cada avaliaci3n e da Avaliaci3n Final seguindo as mesmas porcentaxes de ponderaci3n xa sinaladas m3is arriba.